ENCONTRO ESCOLAR
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O ACOSO NA RÚA

Gabanzas, miradas insistentes, asubíos, comentarios non desexados, persecucións… ésta é a realidade diaria que viven nenas, adolescentes e mulleres en todo o mundo.

As mulleres sofren este tipo de acoso diariamente e "ocorre tan a miúdo" que o normalizaron, e só o 10% das mozas presentan denuncia.

O acoso na rúa en grupo pon na diana ás nenas e mozas en situación máis vulnerable: ocorre con máis frecuencia cando eles van en grupos grandes e elas son máis novas e/ou están soas.

Existen tres categorías de acoso na rúa que sempre son comportamentos "non desexados e non gratos": verbal, non verbal (miradas penetrantes fixas, xestos coa boca ou a lingua) e físico (tocamentos no transporte público, arrimarse, espreita, seguimento...).

Para reaccionar ante o acoso na rúa existe a chamada metodoloxía das 5 "D": DISTRAER, DELEGAR, DOCUMENTAR, DIRIXIR E DAR ASISTENCIA.

COLABORAN:

acción familiar ferrol
afaferrol@accionfamiliar.org
981 358 023

ALMIXE
almixeferrol@gmail.com
633 840 016

mujeres FUNDACIÓN
educarenigualdad@fundacionmujeres.es
915 912 420

OBLATAS
oblatasferrol@gmail.com
981 353 889

ORGANIZA:

fanpa ferrolterra CONCEPCIÓN ARENAL
Tel. 678 466 120

FINANCIA:

Deputación DA CORUÑA

INICIATIVA CHALK BACK

O concepto "Chalk Back" xurdiu da idea dunha moza universitaria de 22 anos, residente en Nova Yorque, Sophie Sandberg, quen, en 2016, comezou a publicar na conta de Instagram @CatcallsofNYC, exemplos reais de situacións de acoso na rúa que ela mesma e outras mozas, que se comunicaban con ela a través desta rede social, sufriran na súa cidade.

Desde entón, este movemento estendeuse a todo o mundo e escriben comentarios non desexados.

Para posicionar nas mentes dos escolares o fin do ACOSO NA RÚA, cada centro recibirá unha sinal persoalizada de STOP ACOSO NA RÚA. Este elemento pasará a ser propiedade de cada Centro.

GRAN MURAL E MOSTRA

Co fin de dar unha gran visibilidade ao traballo realizado polos Centros froito da celebración do Encontro, realizarase un GRAN MURAL composto coas mensaxes e frases da acción de "Chalk Back" que serán fotografiadas e reproducidas no citado mural.

Este elemento será exposto nun espazo de Ferrol aberto ao público e para que, tanto os escolares como o público en xeral, podan visitar a mostra.